

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E SETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL QUINCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas e cinco minutos do día vinte e sete de febreiro de dous mil quince, reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, José Esmorís Aldao, Faustino Cebreiro Paz, Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, Rocío Martínez Martínez. e Jairo Orjales Sande. Non asistiu María José López Lamigueiro, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.- Aprobación se procede da acta do pleno do día vinte e dous de decembro de 2014 Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a acta anterior.

2.-Proposta para emendar un erro aritmético no acordo do Pleno do día 22.12.2014 de aprobación do POS 2015. Despois de ler a proposta da Alcaldía que se copia a continuación : Advertido dun erro material no acordo do Pleno reunido o día vinte e dous de decembro de 2014 , esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo :

PRIMEIRO : Emendar o erro numérico advertido no acordo de aprobación do POS 2015 que se quedando os cadros numéricos como se establecen a continuación

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Camiño de cruce de Cruz Encarnada -Vilarelle a Vilela e de Vilela a Felgueira (A Barqueira) e outros	69.469,94	0,00	69.469,94
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	69.469,94	0,00	69.469,94

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	46.313,30 €

Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	0,00 €
SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA	46.313,30

C) Resumo:


Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	69.469,94	0,00	69.469,94
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA	46.313,30		46.313,30
T O T A L			115.783,24

Os membros do Pleno en votación ordinario e por unanimidade aprobaron a mocion anterior .

3.-ADHESIÓN A CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. **Despois** de ler a proposta da Alcaldía que se copia a continuación : Advertido dun erro material no acordo do Pleno reunido o día vinte e dous de decembro de 2014 , esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo :**ANTECEDENTES.PRIMEIRO:** A Deputación Provincial da Coruña, por acordo plenario do 27 de xuño de 2014 , aprobou a creación dunha Central de Contratación ao abeiro do establecido nos artigos 203 e seguintes do Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro: O Concello de Cerdido está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola Deputación Provincial da Coruña. En consecuencia, tendo en conta o disposto no art. 205 do referido texto refundido , a Alcaldía a propón a adopción do seguinte acordo : **ACORDO:PRIMEIRO.-** Adherirse á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña .**SEGUNDO.-** Aprobar o convenio de adhesión que se transcribe a continuación do presente acordo. **TERCEIRO.-** Remitir o presente acordo á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos .**CUARTO.-** Facultar a alcaldesa *de Cerdido* para que en nome e representación desta corporación formalice cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, así como para a adhesión aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións que a central de contratación da Deputación Provincial da Coruña saque a licitación e sexan de interese para este concello de Cerdido .Cerdido, 23 de febreiro de 2015.A Alcaldesa, Ana Rodríguez Montero .**ANEXO :CONVENIO DE ADHESION**

MODELO DE CONVENIO DE ADHESIÓN.ONVENIO DE ADHESIÓN DE (entidade local correspondente) AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.A Coruña, _____

REUNIDOS: Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, na súa calidade de presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, que actúa en nome e representación desta en virtude das



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e as facultades outorgadas pola Corporación provincial en sesión celebrada o día, asistido por D. José Luís Almau Supervía, o seu secretario xeral, en exercicio das funcións de fe pública administrativa que lle atribúe a lexislación vixente. Doutra parte D./D^a _____, alcalde/sa-presidente/a do Concello de _____, expresamente habilitado para este acto polo _____, en sesión celebrada o _____. Ambas as dúas partes recoñécense, na representación que teñen, capacidade bastante para asinar o presente **CONVENIO DE ADHESIÓN AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**, e para obrigar nos seus termos á persoa xurídica que representan. En virtude diso, EXPOÑEN. **Primeiro:** Que a Deputación Provincial da Coruña por acordo do Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día, aprobou a creación dunha Central de Contratación coa fin de dar servizo ás entidades locais da provincia e entes instrumentais delas dependentes e, no seu caso, aos diferentes departamentos e servizos da Deputación provincial e os seus entes instrumentais. **Segundo:** Que coa creación da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, preténdese lograr as condicións económicas máis vantaxosas e a consecuente redución do gasto público dos entes adheridos ao sistema de contratación centralizada que se articula e, ao tempo, simplificar a tramitación administrativa na adquisición de bens e servizos, potenciando, á vez, a transparencia e seguridade na contratación. Trátase de facilitarlles ás entidades locais da provincia e os seus entes instrumentais, a adquisición de bens e tramitación da contratación dos servizos que lles sexan necesarios, articulando un sistema áxil, que permita a minoración de tempos de adquisición e simplifique a súa tramitación, dando así cumprimento á obrigaón de colaboración da institución provincial cos entes locais do seu territorio. **Terceiro:** Que (o concello de....., ou a entidade) por acordo (do Pleno da Corporación municipal do....., ou o órgano competente da entidade) acordou a adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña.. En consecuencia, as persoas que rubrican acordan asinar o presente **CONVENIO DE ADHESIÓN** conforme as seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO. O obxecto do presente CONVENIO é a adhesión de (concello de ou a entidade) á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, polo que poderá, por tanto, efectuar as subministracións de bens e contratación de obras ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, nas condicións e prezos vixentes nos contratos subscritos por esta, coas empresas adxudicatarias no momento da adquisición dos bens ou contratación dos servizos. Esta adhesión non supón a obrigaón de efectuar todas as contratacións ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, polo que poderán optar (concello de ou a entidade) por utilizar este sistema ou calquera outro establecido na lexislación de contratación pública. Non obstante a adhesión individualizada aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións por (concello de ou a entidade) si terá carácter obrigatorio e non poderán, en consecuencia, efectuar contratacións relativas ao obxecto dos citados acordos marco ou contratos á marxe destes. **SEGUNDA.- OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.** 1. A Central de Contratación informará ás entidades locais dos correspondentes acordos marco, contratos ou outras licitacións que celebre, e solicitaralles a adhesión individualizada a cada un deles, que será voluntaria para as ditas entidades. 2. A Central de Contratación informará as condicións dos acordos marco, contratos e outras licitacións, tales como empresa ou empresas

adxudicatarias, prezo ofertado, prazos de entrega e en xeral calquera aspecto relevante, así como todas as modificacións que poidan ter durante a súa vixencia. 3. Tamén se obriga á publicación dos acordos marco, contratos e outras licitacións na páxina web da Central de Contratación. 4. Tramitación dos pedidos de subministración ou de prestacións de servizo efectuadas polas distintas entidades locais. 5. Adoptar as medidas oportunas en caso de incumprimento total ou parcial .por parte das empresas adxudicatarias, mesmo tramitar expedientes de imposición de penalidades ou de resolución de contratos.**TERCEIRA.- OBRIGACIÓN DA ENTIDADE LOCAL. Son** obrigacións do (concello de ou a entidade) as seguintes: **1.-** Indicar os cargos que, en virtude das súas competencias en materia de contratación e aprobación do gasto, deben subscribir as peticións de subministracións ou prestacións de servizos, para que poidan ser tramitadas pola Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, especificando, igualmente, ademais das circunstancias de denominación da entidade, dirección, teléfono, fax e persoa responsable e o correo electrónico de contacto. **2.-** Formular as peticións de subministración de bens ou de prestación de servizos, no modelo que aprobará por resolución a tal fin, a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, logo da autorización previa e disposición do gasto. **3.-** Pór en coñecemento da Central de Contratación, as demoras nos prazos de entrega, defectos nos bens fornecidos ou na prestación de servizos, ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co obxecto do contrato, para a adopción das medidas oportunas pola Central de Contratación. **4.-** Efectuar a recepción dos bens fornecidos e dos servizos prestados, os cales deberán coincidir coas características e prezos cos que figuran na correspondente petición, así como o aboamento do prezo e, eventualmente, dos xuros de mora e das posibles revisións, que se fará efectivo conforme as previsións establecidas no artigo 216 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14


de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público. **CUARTA.- VIXENCIA DO PRESENTE CONVENIO.**O período de vixencia do presente CONVENIO será de catro anos contados desde o día seguinte ao da súa formalización, e poderase prorrogar automaticamente por igual período de tempo, se non existise denuncia deste por algunha das partes, logo da comunicación previa á outra con polo menos tres meses de antelación. **QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS** Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das condicións por algunha delas.

Non obstante o anterior, as partes poderán denunciar en calquera momento o acordo de adhesión logo da comunicación previa efectuada, polo menos, con tres meses de antelación. Nos supostos de resolución, incluída a expiración por denuncia, os efectos da extinción quedarán en suspenso ata que teña lugar a recepción e total aboamento das subministracións ou servizos solicitados pola Central de Contratación da Deputación da Coruña a instancia de (concello de ou

a entidade). **SEXTA.- RESOLUCIÓN DE LITIXIOS** As cuestións litixiosas que poidan xurdir respecto da aplicación, interpretación e cumprimento deste convenio serán competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo. E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadruplicado, as persoas que interveñen, no lugar e data indicados no encabezamento.

Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a moción anterior . Catro votos a favor dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao, Faustino Cebreiro Paz, e o voto da Sra. Alcaldesa e catro abstencións dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, Rocío Martínez Martínez. e Jairo Orjales Sande

A alcaldesa explica que a Deputación comunicou aos Concellos a posibilidade de adherirse a central de compras para poder optar a prezos máis económicos , e que o Concello pode adherirse a cada contrato cando crea que é máis convinte para os seus intereses .



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

O concelleiro **Cándido Prieto Lago** pregunta que obrigas supón para o concello unha vez que este adherido e pensa que as veces pódense atopar mellores prezos na proximidade que a grande escala .

O Concelleiro **Jairo Orjales Sande** explica que que haberá que ver caso por caso para saber se é interesante o prezo ou non .

A **alcaldesa** explica que con este acordo nos adherimos ao sistema e logo a Deputación ofrece un contrato a un prezo e nese momento podemos adherirnos a ese contrato ou non .

4.- Moción do Grupo Socialista no Concello de Cerdido para solicita a Xerencia integrada de Ferrol da inclusión de Cerdido no programa de prevención do cancro colorectal .Despois de ler a moción que se copia a continuación .O Grupo Socialista no Concello de Cerdido, en base a Lei de Bases de Réxime Local e aos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poda resultar de aplicación, presenta unha MOCIÓN, coa seguinte,EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.O cancro colorectal (CCR) é unha das neoplasias máis frecuentes no noso medio. Na actualidade, constitúe a segunda neoplasia tanto en varóns como en mulleres, tras o cancro de pulmón e de mama, respectivamente. Pero se consideramos ambos sexos conxuntamente, ocupa o primeiro lugar en incidencia e representa a segunda causa de morte por cancro. Dada a elevada incidencia desta neoplasia algunhas Comunidades Autónomas están aplicando protocolos de cribado buscando unha detección precoz que facilite o seu pronóstico. Por outra parte, segundo a Consellería de Sanidade en Galicia se está a traballar con moito interese e bos resultados nas vías rápidas para a atención de determinadas neoplasias. Por iso os socialistas de Cerdido queremos formular esta proposta no convencemento de que co cancro o máis efectivo sempre será a prevención e o lograr un diagnostico precoz. Fai uns días na prensa puidemos ver como diversos Centros de Saúde da nosa Comarca xa están a participar no programa piloto do SERGAS para a detección precoz, entre eses Centros non figuraba o de Cerdido que na actualidade non conta co servizo de cribado preventivo, e dado a media de idade da poboación do noso Concello, estimamos que é fundamental para aplicar os principios de prevención básicos que podan minimizar os riscos entre a poboación de entre 50 e 69 anos. Por iso, o Grupo do PSdeG-PSOE no concello de Cerdido, diante do Pleno da Corporación Municipal presenta, para que sexa aprobada, a seguinte Moción:1-Solicitar a XIF (Xerencia Integrada Ferrol) a inclusión de Cerdido no programa de prevención do cancro colorectal..2.-Solicitar o Sergas a dotación de medios e material para o centro de Saúde.3.-Enviar copia deste acordo a Xerencia Integrada de Ferrol e a Consellería de Sanidade(SERGAS).En Cerdido a 18 de Febreiro de 2015.Asdo. Cándido Prieto Lago. Concelleiro do PSdeG-PSOE no Concello de Cerdido.

Os membros do Pleno por unanimidade aprobou a mocion anterior


O concelleiro Benigno Galego Castro , explica que esta moción beneficia a tódolos veciños e non entende porque Cerdido non esta adherido

O concelleiro Jairo Orjales Sande , entende que é positivo solicitalo

A Alcaldesa explica que o Sergas vai pouco a pouco e entende que é positivo solicitalo

5.- Moción do Grupo Socialista no Concello de Cerdido garanta o acceso ás novas terapias para os doentes de hepatite C que o precisan. Despois de ler a moción que se copia a continuación O Grupo Municipal Socialista de Cerdido, en base ao disposto nos artigos 91.1 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCION, en base a seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS A enfermidade hepática causada polo virus da hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública, calculándose en cifras do Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado. Ata hai pouco tempo os medios de tratamento dispoñibles, cunha gran toxicidade e graves efectos secundarios, tiñan como resultado altas taxas de fracaso terapéutico, dándose ademais numerosos casos de doentes que non podían someterse a elas por intolerancia a algún dos fármacos empregados. Como consecuencia, na actualidade en Galicia hai unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes fases de evolución da hepatite C, que non están sendo tratadas e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determine a idoneidade dun transplante hepático. Esta situación veuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi a aprobación do Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC, pola Axencia Europea do Medicamento (EMA) a principios do ano 2014. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014, a daquela ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que os médicos o puidesen prescribir a aqueles doentes que o precisasen, engadindo que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos, e que ‘en outubro poderán dispoñer os médicos dese medicamento en toda España, para aplicalo aos doentes que o necesiten’. Desde aquela hai elaborado un protocolo de posicionamento terapéutico e un documento de priorización que están sendo aplicados, no caso de Galicia, pola Subcomisión para o Tratamento de Enfermidade Hepática, constituída na Consellería de Sanidade. Pero a día de hoxe, sucédense as declaracións públicas de hepatólogos, a través da Asociación Española para o Estudo do Fígado, reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifran a necesidade de tratamentos urxentes a aplicar no territorio do Estado nun mínimo de 30.000 para o ano en curso. Por outra banda, a inxedanza e as queixas dos doentes de hepatite C, particularmente dos post- transplantados non negativizados e dos que se atopan en fase cirrótica (F4), van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non é contemplada dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos seus hepatólogos, unha vez determinado que se cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos nas instrucións do acceso aos tratamentos a Hepatite C cursadas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, son rexeitados ou non contestados Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Cerdido presenta a seguinte MOCIÓN para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal: 1. Instar ao Goberno de España para que garanta o acceso ás novas terapias para os doentes de hepatite C que o precisan, de acordo co criterio dos especialistas que atenden cada caso, dispoñendo os recursos que sexan necesarios. 2. Instar ao Goberno Galego a que adopte as medidas necesarias para que a terapia, cos novos fármacos para a hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lles sexa prescrita polos médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición. 18 de Febreiro de 2015. Asdo Cándido Prieto o Concelleiro do PSdeG-PSOE de Cerdido. **Os membros**



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

do Pleno por unanimidade aprobaron a moción anterior .

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que a pesar que onte chegaron a un acordo no Ministerio , non entende como se pode deixar morrer as persoas pola non subministración dun medicamento

O concelleiro Jairo Orjales Sande comenta que é certo que se chegou un acordo pero pola presión que fixeron os doentes e entende que non se pode volver a dar esta situación en ningún tipo de doentes , porque pódese pasar a calquera outro grupo que non faga tanta presión social

6.- Moción do Grupo Municipal do BNG no Concello de Cerdido garanta o acceso ás novas terapias para os doentes de hepatite C que o precisan. Despois de ler a moción que se copia a continuación .EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite O (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública. Calcúlase, en cifras do Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, que unhas 700.000 persoas Son portadoras deste virus no conxunto do Estado español. Até recentemente os medios de tratamento dispoñíbeis producían altas taxas de fracaso terapéutico, para alén de ter unha elevada toxicidade e efectos secundarios graves. Déronse, ademais, numerosos casos de doentes que non podían someterse a eles por intolerancia a algún dos fármacos empregados. Como consecuencia. na actualidade hai na Galiza unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas en diferentes estadios de evolución da hepatite C, que non están sendo tratadas, e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático. Esta situación viuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi o feito de a axencia europea do medicamento (EMA) aprobar, a principios do ano 2014, o Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios o 5 de marzo de 20i4.O día 24 de setembro de 2014 a, daquela, ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que @s facultativ@s o puidesen prescribir a aquelas persoas enfermas que o precisaren. A ministra naquela altura acrecentou que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos, e comunicou que en outubro poderían dispor médicos/as dese medicamento en todo o territorio do Estado español, para o aplicar aos/ás pacientes que o precisasen. Desde aquela hai elaborado un Protocolo de Posicionamento terapéutico e un Documento de Priorización que están sendo aplicados, no caso galego, pola subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellaría de Sanidade. A día de hoxe sucédense as declaracións públicas de hepatólogos/as a través da Asociación Española para o Estudo do Fígado, reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes para aplicar no territorio do Estado español nun mínimo de 30.000 para o ano en curso. Por outra parte, o desacougo, a alarma e as queixas dos/as doentes de hepatite C, particularmente das persoas postransplantadas non negativizadas e das que se atopan en fase cirrótica (F4), van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non se inclúe dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos/as seus

hepatólogos/as, unha vez determinado que cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos nas instrucións do acceso aos tratamentos da hepatitis C cursadas pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria, é rexeitada ou non contestada. Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte: 1. Instar ao Goberno galego para este se dirixir ao Goberno de España e exixir que se garanta o acceso ás novas terapias para as persoas doentes de Hepatite C que o precisaren. Todo isto debe producirse de acordo co criterio de médicos/as especialistas, que deben dispor de todos os recursos que foren precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para o Estudo do Fígado na súa recente reunión co Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais. 2. Instar ao Goberno galego a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes a que lle for prescrita por persoal médico especialista do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición. 3. Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, á titular da Consellaría de Sanidade e aos grupos parlamentares do Parlamento galego. Cerdido, 10 de febreiro de 2015. Asdo. Jairo Orjales Sande. Portavoz do GM do BNG de Cerdido. **Os membros do Pleno por votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a mocion anterior.**

Control e fiscalización dos órganos da Corporación:

7-Dar conta dos decretos da Alcaldía .

Núm.	Data	Descrición
Decembro 2014		
238	16/12/2014	Altas no Padrón Municipal de Habitantes en Vilar, 1, Cerdido
239	17/12/2014	Certificacións núm. 2 e 3, obra Pavimentación camiño fronte a feira no lugar de O Porto
240	17/12/2014	Altas no Padrón Municipal de Habitantes en Casavide, 1, Cerdido
241	17/12/2014	Certificacións núm. 2 e 3, obra Modificado camiño Rego da Madeira -límite Moeche
242	18/12/2014	Aprobación de facturas do núm. 525 a 558
243	18/12/2014	Acordo de contratación dunha auxiliar administrativa por acumulación de tarefas
244	18/12/2014	Certificación núm. 2 final e acta de recepción da obra Ampliación abastecemento a Barbas
245	18/12/2014	Adhesión á plataforma electrónica FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas» da Secretaría de Estado de Administracións Públicas
246	29/12/2014	Acordo de contratación de condutor da maquinaria municipal por obra o servizo
247	29/12/2014	Aprobación de facturas do núm. 589 a 608
248	29/12/2014	Certificación núm. 1 final da obra Instalación de calefacción na Avisperia
249	30/12/2014	Contratación da obra Acondicionamento da planta baixa do edificio de As Felgasas 61
250	30/12/2014	Solicitud ó Fondo de Compensación Ambiental 2015 do proxecto Eficacia enerxética no centro socio cultural de Avispeira



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

251	30/12/2014	Aprobación de facturas do núm. 612 a 621
Xaneiro 2015		
1	05/01/2015	Altas no Padrón Municipal de Habitantes en Porto, 37, A Barqueira
2	08/01/2015	Acordo de contratación dunha auxiliar do SAF para cubrir un permiso
3	09/01/2015	Autorización de uso da casa da cultura a Albar Quercus para asemblea xeral o día 25.01.2015
4	13/01/2015	Prórroga da contratación dunha auxiliar do SAF para cubrir un permiso
5	13/01/2015	Devolución por invalidez ou incapacidade do usuario do importe de 439,17 € correspondente á taxa por prestación do servizo de axuda no fogar
6	13/01/2015	Autorización de uso da casa da cultura ó PSdeG-PSOE para reunión o día 17.01.2015
7	16/01/2015	Prórroga na data de remate das obras de construción de bodega para aperos de labranza exp. núm. 2011/008/000007 no lugar de Seixas - Cerdido
8	16/01/2015	Autorización de uso dos locais do Castro á comisión de festas da Barqueira para unha xuntanza de entroido os días 7, 8 e 9 de febreiro
9	16/01/2015	Acordo de aprobación da relación de recibos do SAF do mes de decembro de 2014
10	19/01/2015	Autorización á comisión de festas dos Casás para unha xuntanza popular ó 21.03.2015
11	21/01/2015	Solicitude de subvención ó Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) para dotación de equipamento ofimático
12	23/01/2015	Recoñecemento do complemento de antigüidade a dúas traballadoras do concello
13	27/01/2015	Aprobación dos padróns fiscais de abastecemento de auga e de recollida de lixo
14	28/01/2015	Aprobación da recuperación de parte da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012
16	23001/2015	Altas no Padrón Municipal de Habitantes en Campo da Igrexa, 17 – Os Casás
Febreiro 2015		
17	03/02/2015	Solicitude á Consellería de Traballo e Benestar dunha axuda para para o fomento de emprego
18	03/02/2015	Aprobación dun convenio de colaboración co Concello de Moeche para a conexión ó servizo de abastecemento de auga do Concello de Cerdido dunha vivenda no lugar de A Panda (Moeche)
19	04/02/2015	Relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ó proceso de contratación por consolidación de emprego de persoal de servizos varios
20	06/02/2015	Acordo de aprobación da relación de recibos do SAF do mes de xaneiro de 2015
21	09/02/2015	Aprobación de facturas do núm. 338 a 381
22	10/02/2015	Aprobación do proxecto de obradoiro de emprego denominado "Comarca do Ortegal II"

23	13/02/2015	Autorización de uso da casa da cultura Promacer para unha asemblea xeral o día 8 de marzo
24	16/02/2015	Altas no Padrón Municipal de Habitantes en Penso, 11 – Cerdido
25	18/02/2015	Arquivo do expediente 2015/U008/000002 de licenza de obras de ARACELI FIGUEIRAS LOUREIRO para Construción de vivenda unifamiliar no lugar de Regueirolongo, por renuncia
26	18/02/2015	Autorizar a Cándido Prieto Lago, en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, a usar a sala grande da Casa da Cultura, o venres 20 de febreiro
27	19/02/2015	Aprobar o contido íntegro do expediente de contratación da obra : :Camiño Pozadauga-O Covelo (A Barqueira -Os Casás)e outros
28	19/02/2015	Solicitar unha subvención dentro do programa de axudas da Deputación para contratar persoal para mantemento dos servizos mínimos municipais
29	19/02/2015	Solicitar unha Subvención dentro do programa da Deputación de Socorrismo acuático
30	23/02/2015	Convocatoria de pleno ordinario

O concelleiro Benigno Galego Castro solicita a aclaración dos seguintes decretos :

Núm. 11. A alcaldesa explica que se solicitaron ordenadores para o Concello

Núm.17 . A alcaldesa explica que se trata do programa de fomento de emprego para contratar a persoal para labores de mantemento

Núm.18 . A alcaldesa explica que se trata dun convenio para a agua


Núm. 21 .A alcaldesa explica que hai un erro no número das facturas aprobadas

Núm. 22 .Alcaldesa explica que se trata dun convenio cos concellos de Ortigueira e Mañón para facer un obradoiro de emprego de axuda no fogar e de maquinaria forestal e o Concello de Cerdido non aporta cartos

Núm. 28 . A alcaldesa explica que se trata dunha subvención para contratación de persoal de mantemento , e se intentará que , no caso que nola concedan , non se solapen coa outra subvención

O concelleiro Jairo Orjales Sande solicita aclaración dos seguintes decretos .

Núm. 245 . A alcaldesa dálle a palabra a secretaria que explica que se trata dunha plataforma do Ministerio para poder presentar as facturas de mais de 5000,00€ electronicamente e que obrigatorio dende o día 15.01.2015 e que está dando problemas porque non esta ben integrada nos programas de contabilidade municipal



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Núm. 249 . A alcaldesa explica que as obras que se realizan son para sanear o baixo co recebado , apertura de fiestras etc

Núm. 22 . sobre o período de practicas onde se realizarían . A alcaldesa explica que o Concello de Ortigueira é o responsable das prácticas e que hai doce prazas por curso e que hai un cota para cada Concello .

8.-DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS LEGALEMENTE PARA O PAGAMENTO DAS OBRIGAS .

A secretaria deu lectura o seguintes informe: **INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS LEGALMENTE PARA O PAGAMENTO DE OBRIGAS.**

I.- NORMATIVA APLICABLE

-Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.

-Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da lei de facendas locais

-Real Decreto Lexislativo 3/2011 , do 14 de novembro , polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público .(TRLCSP) modificado polo Real Decreto 4/2013 do 22 de febreiro de 2013, de medidas de apoio o emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

II.- CONSIDERACIÓNS

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º. 3 e 5º. 4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o artigo 3º. 3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:O prazo no que as administracións teñen a obriga de abonar o prezos da obrigas , ben recollido no artigo 216 do TRLCSP e na súa disposición transitoria sexta recentemente modificado polo Real Decreto 4/2013 do 22 de febreiro o establecer que :

A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á **data de aprobación das certificacións de obra** ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4.

Modificación que supón alterar o criterio aplicado ata o dia de hoxe , xa que computábase o prazo de trinta dias dende a presentación da factura ou certificación de obra no rexistro de entrada do concello . A nova normativa impón a obriga de tramitar (aprobar ou non) este documento de

pago no prazo de trinta días dende a presentación da factura, iniciándose por tanto o prazo de trinta días dende o acto de aprobación da factura e non dende a presentación no rexistro público .

III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS : Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/10/2014 e 31/12/2014 (cuarto trimestres 2014) se obtén a seguinte información:

1 Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	8,8924	0	168	113.580,12	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos	8,8924	0	168	113.580,12	0	0
20- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	11,1392	0	29	17,282,92	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	8,4353	0	139	96.297,201	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	9,967	0	19	174.000,52	0	0
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	9,967	0	1	174.000,52		0
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0,00
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0,00	0	0
Total	9,5489		188	288.108,64	0	0

2 Intereses de demora pagados no período: Ningún Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes: **Ningunha3 Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.** (artigo 4º. 3 Lei 15/2010).



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Facturas o documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre	Período medio pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados ao final do Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	1,763	0,00	10	6729,99	0,00	0,00
20- Arrendamentos e Canons	0,00	0	0	0,00	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	1	0	3	1934,40	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	2,0708	0	7	4795,59	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	14,0783	0	5	70,257,29		0,00
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Total	13,0017		15	76.987,28	0	0,00

4) **Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses** dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5º. 4 Lei 15/2010): **Ningunha III.- CONCLUSIÓN** Estos son os datos que aporta a aplicación informática facilitada pola Deputación da Coruña .É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, propoñendo:Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no artigo 5º. 4 da Lei 15/2010. Cerdido, a vinte e oito de xaneiro de dous mil quince.O tesoureiro . Daniel Rodríguez Fraguela A secretaria -interventora . Paula Díaz Tie

9.- MOCION DE URXENCIA . Non se presentaron

10.-ROGOS E PREGUNTAS .

O concelleiro Benigno Galego Castro realiza os seguintes rogos e preguntas :

1.- Existe unha factura dun veterinario de San Roman en outubro , para que é ?

A alcaldesa explica que había un can abandonado de raza perigosa e que se chamou ao veterinario para ver si tiña chip , e como non o tiña procedeuse a súa vacinación e grazas a uns veciños que se ocuparon del, ata que houbo alguén que o adoptou .

2.- Non atopou facturas que se correspondan coa donación que se fixo , soamente hai unha factura da farmacia de comida de bebe e de cueiros .

A alcaldesa explica que este ingreso gastouse en alimentación e que o Traballador Social ten todo o relacionado con este expediente e que foron gastos de emerxencia social

3.- Hai unha factura de 30 € dunha tortilla no Pazo en outubro, para que era ?

A alcaldesa explica que nunca se pide unha tortilla , senón varias e que seria para a clausura ou para algún acto ou evento que se realiza no Castro .

Roga a Alcaldía que se actualicen os datos da paxina Web do Concello , xa que están os datos de poboación do ano 2008 e que se complemente a información que aparece no Portal da Transparencia coas retribucións, a declaración de bens , os contratos , o grado de cumprimento dos servizos públicos etc


4.- Houbo modificacións no proxecto do camiño de Susloureiros , porque no proxecto as cunetas eran de 1,25 e non leva os 15 cm de formigón que aparece no proxecto , así como algunhas entradas para os montes que están so de formigón e así non van a soportar o peso dos camións .e advirte que a agua da zona esta moi turbia ademais que durante a obra non se sinalizan ben estas o que supón moitos problemas para a xente que circula pola pista

A alcaldesa explica que nesta obra deixouse un borde con terra porque beneficia a obra e que durante a obra rompéronse as canalizacións da auga e por iso a agua esta con esta turbidez . E en relación as entradas ao monte sinalan que non se realizou aínda .

5.-Pregunta sobre as revisións dos parques infantís municipais , porque están en moi mal estado o do colexio están as madeira astilladas e os muelles a vista , así mesmo entende que este parque debería trasladarse a outro lado do colexio como xa indicou no momento en que se realizaron as obras .

A alcaldesa explica que o parque infantil do colexio non o usan e que xa ten pedido un presuposto para o seu traslado a outro lado pero é moi elevado e é difícil que subvencionen a realización dun novo parque a tan pouca distancia doutro .

6.-En relación o campo de fútbol pregunta polas seguintes deficiencias , sobre a rede e o peche , sobre as grada nova que antes había un sistema de protección que impedía a caída e agora non esta , sobre a caldeira que emite moitos gases e é un perigo e sobre a solicitude de botarlle mais area o



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

campo de fora . Entende que se pode realizar un convenio , como en San Sadurniño , para que o club realice todo o mantemento do campo a través dunha subvención maior .

A alcaldesa explica que xa solicitou un presuposto para a rede e o peche , en relación a caldeira non sabia nada e en canto a area do campo de fora entende que hai ben pouco botoulle varios camions e que incluso non quixeron tanta e tiveron que sacar algunha . O tema do convenio xa se lles propuxo e non contestaron .

7.- Pregunta sobre si se sabe quen paga o gasóleo do campo de fútbol , A alcaldesa explica que o subministra de balde a gasoleira que esta no Concello

8.-Cantas licenzas de taxi hai ? A alcaldesa explica que hai dúas en activo e que non corresponden mais

9.- A pista que vai a Cobos esta moi estropeada . A alcaldesa que hai un pista que lle bota agua e por iso se estropea

10.- Cobrou quilometraxe algún membro da corporación e que cantidade ? A alcaldesa afirma que o concelleiro de obras , cobrou polos desprazamentos no termo municipal e que ela cobra quilometraxe cando ten que ir a Coruña , ou Santiago . O concelleiro Juan Ramos Prieto intervén para dicir que cobrou un pouco mais de mil euros, pero no se acordo do importe exacto .

11 .- Solicita unha explicación porque non se incorporou a orde do día a mocion da praza do condutor e anuncia que vai que ter pedir un pleno extraordinario para debatila . A alcaldesa explica que non se acordou de metela

O concelleiro Jairo Orjales Sande realiza as seguintes preguntas .

1.- Pregunta polo mal estado da pista de Aldar , a alcaldesa afirma que xa o sabían e que sacaron madeira fai pouco

2, A empresa que fai o mantemento do alumado publico , chamase cada vez ou se acumulan os avisos ? A alcaldesa explica que se acumulan varios avisos e logo se chama .

Fai un rogo a a Alcaldía para que se envíen a tódolos veciño , unha vez o mes ou cada dous , información sobre cursos , sobre o obradoiro de emprego , a apertura da piscina ou outras novas de interese mais efectivo que os anuncios que se poñen .

E non habendo mais asuntos que tratar as trece horas e trinta minutos do día vinte e sete de febreiro de 2015 a Presidencia levantou a sesión . Do que eu como secretaria dou fe:

A alcaldesa

A secretaria

Ana Rodriguez Montero

Paula Díaz Tie